

“Os obstáculos que se opoñen á conservación do home no estado de natureza son tales que superan as forzas que cada individuo pode empregar para manterse nese estado. Entón, ese estado primitivo non pode xa subsistir e o xénero humano perecería se non cambiase de maneira de ser. Por iso, os homes non tiveron para conservarse outro medio que formar unha suma de forzas que podan superar a resistencia. Esta suma de forzas non pode facerse máis que co concurso de moitos. Pero sendo a forza e a liberdade de cada home os primeiros instrumentos da súa conservación, ¿como comprometeraos sen prexudicarse? Esta dificultade aplicada a este tema, pode enunciarse do seguinte modo: Atopar unha forma de asociación que defenda e protexa con toda a forza común á persoa e os bens de cada asociado, e pola cal, uníndose a todos, non obedeza, sen embargo, máis que a se mesmo e fique tan libre coma antes...

(...) Por tanto, polo pacto social cada un de nós pon en común a súa persoa e todo o seu poder baixo a suprema dirección da vontade xeral; e nós recibimos corporativamente a cada membro como partes do todo.

Este paso do estado de natureza ao estado civil produce en nós un cambio moi notable, substitúe o instinto pola xustiza e dá ás accións a moralidade que lle faltaba antes.

O que perde o home polo contrato social é a súa liberdade natural e un dereito ilimitado a todo canto lle tenta; o que gana é a liberdade civil e a propiedade de todo canto posúe. O home adquire así tamén a liberdade moral, a única que fai ao home autenticamente dono de se mesmo.”

(Jean-Jacques Rousseau: O contrato social)

Cuestións Texto e Cuestións de Reflexión:

- 1) Se os homes vivían orixinariamente libres e iguais no estado de natureza, ¿ por que tiveron que reunirse en sociedade ? Responde á pregunta e recolle aquelas frases do texto que aporten unha resposta a esta cuestión e a continuación coméntaas. No caso de Locke, ¿ mediante que argumentos xustifica os motivos que levaron aos individuos a abandonar o estado de natureza para formar as primeiras sociedades ?
- 2) ¿ Como é posíbel que “uníndose cada un a todos, non obedeza, sen embargo, máis que a se mesmo e fique tan libre como antes” ? ¿ Qué é a vontade xeral da que fala o texto ? ¿ Que se entende por *soberanía popular* ? ¿ En que aspectos concretos do contrato social rousseauiano se plasma esa soberanía popular ?
- 3) Explica coas túas palabras a parte subliñada do texto, atendendo especialmente á distinción entre *liberdade natural* e *liberdade civil*. ¿ Ate onde estaría de acordo Hobbes con esta frase ? ¿ Que parte desta frase suprimiría e por que ? ¿ De entrada, Locke estaría conforme con esta cita ? Razoa a resposta. ¿ Que entendemos por *Estado liberal* en Locke ?
- 4) Rousseau, Locke e Hobbes son tres dos teóricos do contrato social: ¿ Saberías explicar as diferenzas existentes entre as súas respectivas *teorías do contrato social* no tocante ás seguintes cuestións: quen pacta, por que se pacta, que se pacta e o produto resultante do pacto?
- 5) Explica os seguintes conceptos da teoría política de Locke a base de poñelos en relación: lei natural e dereitos naturais. ¿ Por que son naturais? Propiamente falando, ¿ trátase de dereitos dos cidadáns, isto é, políticos *sensu stricto*? ¿ Por que ?